

CONVOCATORIA DE PRAZAS DE ALOXAMENTO DO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS (SUR) DA USC, PARA MEMBROS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA OU ALUMNOS DA UNIVERSIDADE DE VERÁN 2011, DURANTE O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE XULLO E O 17 DE SETEMBRO DE 2011

(Aprobada polo Consello de Goberno da USC do 5 de maio de 2011 e polo Consello Social do 11 de maio de 2011)

BASES

1. CENTROS DE ALOXAMENTO

Os aloxamentos que se ofertan son: en Santiago de Compostela as Residencias Universitarias Burgo das Nacións e Monte da Condesa, e os Colexios Maiores Fonseca e San Clemente, e en Lugo, a Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay (esta última agás durante o mes de agosto que permanecerá pechada).

As persoas que foron colexiais ou residentes durante o curso académico 2010-2011 e cuxas estadias sexan iguais ou superiores a un mes, poderán aloxarse no centro no que estiveron durante o curso académico, en función da dispoñibilidade dos mesmos.

Cando as necesidades do servizo o requiran procederase á agrupación de cuartos dentro do mesmo centro.

O resto das persoas cuxas estadias sexan inferiores a un mes, aloxaranse na Residencia Universitaria Burgo das Nacións (só cuartos individuais) ou na Residencia Universitaria Monte da Condesa (só cuartos dobres).

Aos discapacitados que necesiten accesibilidade asignaráselles praza no centro do SUR que garanta a cobertura das súas necesidades.

2. SOLICITANTES

2. 1. Poderán solicitar praza de aloxamento:

a) Os que foron residentes en calquera centro do SUR durante o período lectivo do curso 2010-2011 e que por motivos académicos ou laborais debidamente xustificados acrediten a súa necesidade.

b) As persoas que realicen traballos de investigación, de administración ou laborais, que impliquen a necesidade de permanencia continuada en Santiago de Compostela ou Lugo (sectores de terceiro ciclo, investigadores en formación, PDI e PAS).

c) Quen vaia participar como alumno nas diversas actividades da Universidade de Verán 2011 da USC. Poderán ocupar a praza desde o día anterior ao comezo do curso/encontro e ata o día seguinte á súa finalización.

d) As prazas concedidas para a preparación dos exames de setembro poderán ser ocupadas desde o 22 de agosto e ata as 24 horas despois do último exame realizado, é dicir, non máis alá do día 17 de setembro. Na solicitude deberanse indicar os días dos exames.

e) Os alumnos de intercambio internacional que vaian participar no mes de setembro nos cursos de español para estranxeiros.

2. 2. Quedan excluídos desta convocatoria os residentes que cometeron faltas graves e foron sancionados coa expulsión definitiva durante a súa estadia no SUR, os que cederon o uso total ou parcial da habitación a outras persoas sen dereito a praza, así como os que o día 8 de xullo de 2011 tiveran cantidades pendentes de pagamento.

3. PRAZOS DE SOLICITUDES

a) Primeiro prazo

Desde a publicación desta convocatoria ata as **14 horas do día 29 de xuño de 2011**.

b) Segundo prazo

O alumnado que solicite praza para a preparación dos exames de setembro poderán solicitar o aloxamento ata as **14 horas do día 5 de agosto de 2011**.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes, segundo o modelo adxunto e acompañadas da documentación pertinente para cada caso, deberán entregarse consonte a:

1. As persoas que foron residentes ou colexiais durante o curso 2010/2011 e que fagan a solicitude no primeiro prazo, é dicir, ata o día 29 de xuño, no último centro no que tiveron praza.
2. Os demais interesados presentarana no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Pavillón Estudantil, 1ª planta- Campus Vida.

5. PREZOS

1. Os solicitantes que xa fosen residentes durante o curso 2010-2011, e que por motivos académicos ou laborais debidamente xustificados, acrediten a necesidade de que a súa estadía sexa igual ou superior a un mes, manterán a cota que tiñan asignada durante o devandito curso académico. Se cambian de tipo de habitación aboarán, dentro da mesma cota, o prezo correspondente a ela.
2. Para o resto dos solicitantes os prezos por día son de 11€ en habitación individual e de 9 € por persoa en habitación dobre.

6. PAGAMENTO DO ALOXAMENTO

1. As persoas que foron colexiais ou residentes durante o curso académico 2010-2011 e cuxas estadías sexan iguais ou superiores a un mes, aboarán o aloxamento cada mes.

2. Os estudantes de programas de mobilidade e intercambio deberán proceder a efectuar o pago, no momento da solicitude, mediante transferencia bancaria á conta da Universidade de Santiago de Compostela de: novacaixagalicia, Oficina de Organismos, Rúa Montero Ríos, 7, 15706 - Santiago de Compostela, Código internacional de conta bancaria IBAN ES94 2091 0388 98 3110001172 Código de identificación bancaria (Swift): CAGLESMMXXX, indicando como concepto "pago convocatoria verán SUR 2011", e enviar ao FAX número 881814559, á Sección de Servizos á Comunidade Universitaria o comprobante da transferencia e, se é desde o estranxeiro, ao número 0034881814559. O devandito xustificante debe ser lexible no punto de destino, responsabilizándose diso a persoa que o envía, se non o fora quedará excluída.

Só o envío deste xustificante servirá como confirmación da reserva, é polo tanto insuficiente o ingreso na entidade bancaria.

3. O resto dos solicitantes farán efectivo o pago no momento da solicitude mediante ingreso na conta da Universidade de Santiago de Compostela nº 2091 0388 98 3110001172 de novacaixagalicia, Oficina de Organismos, rúa Montero Ríos, 7, 15706 - Santiago de Compostela, no modelo normalizado dispoñible ao efecto nos Colexios Maiores, Residencias e no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, nas TPV dos centros con tarxeta de débito, se se fai no primeiro prazo, ata o día 29 de xuño, ou **mediante transferencia bancaria** á devandita conta, e enviar ao **FAX número 881814559**, á Sección de Servizos á Comunidade Universitaria o comprobante da transferencia, en cuxo xustificante deberá figurar o nome do

solicitante, indicando como concepto “pago convocatoria verán SUR 2011”. O devandito xustificante debe ser lexible no punto de destino, responsabilizándose diso a persoa que o envía, se non o fora quedará excluída.

Só a entrega deste xustificante servirá como confirmación da reserva, é polo tanto insuficiente o ingreso na entidade bancaria.

A admisión nesta convocatoria non xerará dereitos sobre a convocatoria ordinaria nin á readmisión nela.

7. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A adxudicación da praza é automática sempre e cando a solicitude veña debidamente xustificada e se achegue o resgardo de ter efectuado o ingreso polo período solicitado.

A Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua resolverá as dúbidas que poidan xurdir na aplicación da presente convocatoria a través do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Pavillón Estudiantil - Campus Vida.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén contado desde o día seguinte á súa publicación, perante este órgano

Santiago de Compostela a 12 de maio de 2011

O VICERREITOR DE ESTUDANTES E FORMACIÓN CONTÍNUA

(P.D., R.R. de 9 de xullo de 2010, DOG do 6 de agosto)



Francisco R. Durán Villa